



Negreira




guía turística



CONCELLO DE NEGREIRA

NEGREIRA



PRESENTACIÓN



Como alcalde do Concello de Negreira, e vicepresidente da Asociación de Concellos do Camiño Fisterra-Muxía, sintome enormemente orgulloso de poder presentar esta *Guía Turística* e así dar a coñecer mediante un resumo o máis importante que temos no noso Concello. Seguramente nos quedarán moitas cousas no tinteiro, pero tiñamos que facer unha guía dinámica, de fácil visualización e ó mesmo tempo funcional. Son coñecedor da importancia que ten o turismo e sobre todo o Camiño de Fisterra para o noso Concello, e para tantas e tantas familias que viven del, cunha gran repercusión económica en moitos sectores e negocios do territorio, polo que debemos seguir apostando na súa conservación e mellora dende as distintas administracións.



Como membro da Mesa dos Camiños da Deputación da Coruña tamén observei a necesidade de crear esta nova *Guía Turística* negreiresa actualizada, para promocionarmos o gran patrimonio natural, cultural e arquitectónico que temos e dalo a coñecer nos distintos ámbitos da xeografía galega, española e internacional. Así que comezamos a traballar un grupo de persoas na redacción, na fotografía, na impresión, etc., ás que lles estou moi agradecido; e procuramos por suposto conseguir o «nanciamiento para que este proxecto se «xese realidade. Nesta iniciativa foi a Deputación da Coruña a que dende o primeiro momento nos facilitou todo.

Somos un pobo fermoso, cunha xente acollidora, con moitos recunchos na nosa xeografía como miradoiros, fervenzas, paseos -uviais, rutas, restos arqueolóxicos, obras artísticas, valores etnográficos... ou exemplos arquitectónicos moi valorados e protexidos como a Ponte Maceira, declarada como Ben de Interese Cultural, e que no ano 2020 foi recoñecida como un dos *Pueblos Más Bonitos de España*. Ademais podemos rexistrar tantas pontes, pazos ou igrexas con cadanseu elemento particular a salientar, que non se deben deixar de visitar. Natureza, auga e pedra son elementos que conxugan moita riqueza no noso municipio e que entre todos temos que protexer, manter e ó mesmo tempo convidar a turistas e peregrinos a coñecer. Esta atractiva realidade xunto coas festas, eventos deportivos, culturais e gastronomía son o conxuro perfecto para invitar a calquera coñecido ou foráneo a visitar e desfrutar do noso Concello barcalés.

Xa para rematar, desexo que vos guste este documento e que sirva para promocionar a nosa terra e as súas xentes, así como toda esa riqueza que fai que sexamos un Concello a distinguir.

Negreira lévoa no corazón, así que só vos digo unha cousa: descubre Negreira.



PRESENTACIÓN



Como alcalde del Ayuntamiento de Negreira, y vicepresidente de la Asociación de Concellos do Camiño Fisterra-Muxía, me siento enormemente orgulloso de poder presentar esta Guía Turística y así dar a conocer a través de un resumen lo más importante que tenemos en nuestro Ayuntamiento. Seguramente nos quedarán muchas cosas en el tintero, pero teníamos que hacer una guía dinámica, de fácil visualización y al mismo tiempo funcional. Soy conocedor de la importancia que tiene el turismo y sobre todo el Camino de Fisterra para nuestro Ayuntamiento, y para tantas y tantas familias que viven de él, con una gran repercusión económica en muchos sectores y negocios del territorio, por lo que debemos seguir apostando en su conservación y mejora desde las distintas administraciones.

Como miembro de la Mesa dos Camiños de la Deputación da Coruña también observé la necesidad de crear esta nueva Guía Turística negreiresa actualizada, para promocionar el gran patrimonio natural, cultural y arquitectónico que tenemos y darlo a conocer en los distintos ámbitos de la geografía gallega, española e internacional. Así que comenzamos a trabajar un grupo de personas en la redacción, en la fotografía, en la impresión, etc., a las que les estoy muy agradecido; y procuramos por supuesto conseguir la financiación para que este proyecto se hiciera realidad. En esta iniciativa ha sido la Deputación da Coruña la que desde el primer momento nos facilitó todo.

Somos un pueblo hermoso, con una gente acogedora, con muchos rincones en nuestra geografía como miradores, cascadas, paseos uviales, rutas, restos arqueológicos, obras artísticas, valores etnográficos... o ejemplos arquitectónicos muy valorados y protegidos como A Ponte Maceira, declarado como Ben de Interese Cultural, y que en el año 2020 ha sido reconocida como uno de los Pueblos Más Bonitos de España. Además podemos registrar tantos puentes, pazos o iglesias con sus propios elementos particulares para destacar, que no se deben dejar de visitar. Naturaleza, agua y piedra son elementos que conjugan mucha riqueza en nuestro municipio y que entre todos tenemos que proteger, mantener y al mismo tiempo invitar a conocer a turistas y peregrinos. Esta atractiva realidad junto con las fiestas, eventos deportivos, culturales y gastronomía son el conjuro perfecto para invitar a cualquier conocido o foráneo a visitar y disfrutar de nuestro Concello barcalés.

Ya para concluir, deseo que os guste este documento y que sirva para promocionar nuestra tierra y sus gentes, así como toda esa riqueza que hace que seamos un Ayuntamiento a distinguir.

Llevo a Negreira en el corazón, así que sólo os digo una cosa: descubre Negreira.



The mayor -president of the town council of Negreira- points out the importance of this Tourist Guide, both for visitors and for the Negreira and Barcala inhabitants, not forgetting pilgrims and those who are far away from their home town.





CASA
CONCELLO

guía turística







1. O ESPAZO E A ECONOMÍA



Negreira (lat. 42°54' N, lonx. 8°44' O) é un concello da provincia da Coruña e diocese de Santiago, que ten 115,1 km² e 7.077 habitantes (novembro de 2025), nas parroquias de Alvite, Aro, Arzón, Broño, Bugallido, Campelo, Campo-longo, Covas, Gonte, Landeira, Liñaio, Logrosa, Lueiro, Negreira, A Pena, Portor, Xallas e Zas.

O termo municipal, encadrado na bisbarra do Val de Barcala, presenta amais unha zona de meseta e montaña máis alta (terras do Corzán). Ten como lindeiros os concellos da Baña e Santa Comba (N), Brión e Outes (S), Ames e Brión (L) e Mazaricos e Outes (O).

A zona de Negreira áchase incluída nunha área de rochas graníticas hercínianas de dúas micas e de xistos migmáticos granitizados.

O Val de Barcala ábrese na área de lenes montañas e amplos vales da Galicia occidental. O marco físico da comarca debúxase cun relevo moi irregular, que conforma unha paisaxe de variable aptitude agropecuaria. A altitude

media municipal é de 258,44 m. O val móstrase pechado polo sur coas alturas do Cornado, que engarzan cos cumes do Arades (527 m.) e os montes da Pena (máis de 500 m.), que se van deprimindo cara o leste. O terreo, quebrado e montuoso, é fértil, con bos pasteiros e masa forestal. Os vales abertos polos a-uentes do Tambre de«nen o gran sector no que se asenta a maioría da poboación, cun relevo favorable para as comunicacións e a vida humana.

A trama hidrográ«ca barcalesa inscribe un nome principal: o Tambre, límite meridional da comarca. Por Negreira discorren tres ríos que desembocan nel: o Corzán, o Pequeno e o de Negreira. Outras canles secundarias son o Donas e o Rego de Xallas, que forman pequenos vales.

O Val de Barcala coñece un clima temperado e húmido, con precipitacións que poden superar os 2.000 mm. anuais. A comarca inclúese, pois, dentro do dominio climático oceánico hiperhúmido. As temperaturas presentan un cadro moderado, cunha amplitude



NEGREIRA



térmica de 10,7° C, oscilación entre os meses de xaneiro (7,2° C) e xullo (17,9° C). Negreira ten unha temperatura media anual de 12,1° C. As brétemas no fondo do val constitúen un trazo peculiar, sobre todo na vila do Cotón. Dispónse duns excelentes terreos para o millo, as plantas forraxeiras e os prados, que medran doadamente case todo o ano.


A vexetación natural tapiza a meirande parte de Barcala, pois aínda que a ocupación humana do espazo pode cualificarse de intensa, en ningún momento as superficies de labor e mais os prados chegarán a cubrir o 50% do territorio. A paisaxe vexetal orixinaria viría definida pola presenza de bosques de caducifolias (carballos, castiñeiros e bidueiros),

que deixarían o seu lugar a toxeias e xesteiras naqueles sectores de forte pendente ou de exposición ós ventos. O anovamento dos montes, converténdose en praderías, fíxose sobre todo a partir dos anos 1960, coa orientación leiteira das explotacións gandeiras. No primeiro terzo do século XX xa comezaran as repoboacións de piñeiros e eucaliptos. No terreo edáfico dominan os solos acedos, cun pH entre 5 e 6.

Os datos do Padrón Municipal (novembro de 2025) dannos unha cifra de 7.077 h., o que supón unha densidade de 61,4 h/km².

A situación demográfica de Negreira non é optimista, coma no conxunto de Galicia, cunha tendencia ó estancamento e devalo poboacional. Aínda que se detecta un lene crecemento





das cifras totais nos últimos anos, os números son idénticos a 2011. O avellentamento da poboación é cada vez maior e dáse a emigración de xente moza. O crecemento demográfico dependerá máis da emigración de retorno, da inmigración e da contraurbanización que da vitalidade natural dunha poboación avellentada. A poboación estranxeira —395 persoas rexistradas no 2025— supón o 5,6% do total (50,3 % varóns; 49,6% mulleres). Na actualidade, os seis países que aportan máis continxente foráneo a Negreira son Venezuela (71), Marrocos (66), Brasil (55), Colombia (30), Portugal (25) e Cuba (23). Hai 17 anos (2008) a veciñanza estranxeira sumaba só o 2,8% (187 persoas).

A idade media da poboación negreira si-túase en 47,7 anos (2024).

Outra característica destacable é o proceso de urbanización. No 1960 a vila concentraba 1.160 persoas (21% do municipio). En 2025 detéctase un medrar moi significativo no núcleo cabeceira, con 4.369 hab. (62,2% do total). O continxente humano distribúese en 18 parroquias e 89 entidades singulares de poboación. E estas son as taxas de natalidade e mortalidade (2023): TN, 5,2‰; TM, 13,1‰. Na estrutura da poboación activa (2025) anota o IGE que un 7,3% traballa no sector primario, 11,7 % na industria, 10,1% na construción e un 70,8% no sector servizos.



RÚA DA CACHURRA



CARREIRA DE SAN MAURO





ENCORO BARRIÉ DE LA MAZA NO RÍO TAMBRE

Hai que diferenciar dous tipos de tramas viarias: as internas e aqueles nós que permiten o enlace cos concellos limítrofes e as cidades galegas. Tamén é determinante a proximidade á capitalidade de Galicia, a só 21 km da cabeceira municipal (Autovía Santiago-Brión — AG-56— ou AC-543, estrada Santiago-Noia ata Bertamiráns, e dende alí pola AC-544).

O acceso a Compostela e a Padrón realízase a través da vía máis importante, que na dirección contraria se bifurca cara a Muxía (AC-546) e Santa Comba (AC-444). Unha “novísima” Ponte Maceira (2005) substituíu no trá«co diario á Ponte Nova, estreada un século antes. Hai poucos anos chegou tamén a apertura da

variante de Negreira, que permite circunvalar a vila. Dela parten amais tres estradas: cara a Urdilde-Noia e cara a Outes, unha pola Ponte Nafonso e outra por Pesadoura.

Ademais dos taxis (Praza do Concello), hai un servizo diario de autobuses con Santiago. Esta liña de viaxeiros (rúa Camiño Vello) une tamén Negreira con outras localidades (Ames, Brión, Muxía). A estación de ferrocarril de Compostela (a 21 km) e o aeroporto de Lavacolla – Rosalía de Castro (a 33 km) conectan Negreira co tren e o avión.

Negreira forma parte dunha bisbarra esencialmente rural. A agricultura, a gandería e o comercio son as súas principais



AVENIDA DE SANTIAGO



PARQUE INFANTIL E PRAZA DAS BRAÑAS




fontes de riqueza, cunha poboación empregada maioritariamente no sector servizos. As remesas dos emigrantes, a man de obra na construción, talleres e unha factoría próxima de agroindustria completan os fíos do seu tecido económico.

Hai uns minifundios en propiedade, cun grao de parcelación importante, conformando unha agricultura na que practicamente desapareceu outra forma de tenza do solo agrario. Esta realidade cambiou substancialmente a partir xa de «nais da década de 1950, debido ó proceso de concentración parcelaria. Entre os cultivos domina o sistema forraxeiro atlántico, co millo de gran, as praderías, as patacas e outras plantas forraxeiras.

En paralelo á introdución de novos cultivos incrementouse a maquinaria agrícola. A super«cie agraria útil suma 2.782 Ha e representa o 34,8% do municipio (un total de 7.993 Ha). Esta zona viuse bene«ciada por ser *pioneira* na concentración parcelaria, e na apertura da axencia de Extensión Agraria (1956, a primeira que se estreou en España).

O proceso de modernización agrícola viuse acompañado dun cambio na natureza e orientación do gando, coa introdución do vacún frisón de altos rendementos lácteos. Nos últimos tempos, cos problemas de superproducción láctea na UE, hai explotacións que volven centrarse no gando cárnico e préstase atención á





ÁREA RECREATIVA DE COVAS

gandería de coidados ecolóxicos. En 2023 rexístranse 123 explotacións de gando bovino.

Esta actividade mima as producións de piñeiros e eucaliptos, amais de ofrecer unha recente recuperación das especies autóctonas e signi«ca un ingreso complementario na vida do agricultor. Con«gúrase como auxiliar da actividade agraria primordial: a produción gandeira. O monte ocupa a maior porcentaxe da super«cie do municipio (66,8%).

A comarca identifícase como unha área de recrutamento para a construción e servizos, na capitalidade municipal e en Santiago. Outra man de obra industrial diríxese ás

fábricas doutras áreas españolas, ou de países de emigración. Ocupa o primeiro lugar o sector metalomecánico, seguido da alimentación, dos derivados da madeira, etc. Trátase dunha industria case artesanal, polo seu tamaño, dimensión tecnolóxica, produtividade e polos mercados locais ós que abastece. O Parque Empresarial negreirés foise enchendo de instalacións industriais máis anovadoras dende a súa posta en marcha co comezo do presente século XXI. Aí sitúase, entre outras, a empresa de loxística sanitaria Servicio Móvil, que destaca polo seu volume económico e tamaño do seu cadro de persoal. O Punto Limpo municipal tamén ofrece alí os seus servizos.



FEIRA DOMINICAL



PARQUE EMPRESARIAL



É pertinente unha mención á *Cooperativa Forraxeira de Negreira* —Feiraco—, que nace en Negreira no ano 1968, aínda que agora as súas intalacións están en territorio do veciño concello de Ames (parroquia de Agrón). Hoxe Feiraco, integrada en CLUN, defínese como unha das industrias agro-alimentarias máis importantes do país. Ademais do leite e dos seus derivados, comercializa pensos, fertilizantes, sementes e produtos «tosanitarios». Moito ten que ver Feiraco na reconversión dunha base agraria tradicional á modernización das estruturas produtivas.

Está case circunscrito á vila, onde representa a maior fonte de ingresos. Celébrase tamén unha feira ou mercado todos os domingos do ano, nun espazo próximo ó Pazo do Cotón. A capital municipal opera como centro da oferta de todo tipo de produtos e actividades (alimentación, calzados, téxtil, automoción, maquinaria, ferraxería, bazar...), amais dunha variada rama hostaleira. Conforma dende sempre o núcleo concentrador e cabeceira da comarca barcalesa e áreas próximas.



FEIRACO, MÁIS DE 50 ANOS (1968-2025)







NADAL





2. O TEMPO: HISTORIA E ARTE

O primeiro conxunto constitúeno os megálitos do Corzán. Trátase dun grupo de sepulturas —mámoas— situadas a uns 10 Km. da vila. Murguía falaba de “curiosos círculos” e dun dolmen “que se acha dentro dunha grande e preciosa mámoa, en Espiñaredo (...)”. Sobrino constatou que existían “trece maltratadas mámoas”. No 1985 elaborouse un catálogo dos 49 túmulos megalíticos do Corzán. De Logrosa proceden dous bloques de granito nos que “un rudo artista prehistórico” esculpiu dúas e«xias humanas, cortadas á altura do ventre. Cuevillas a«rma que pertencen á cultura castrexa. Estas obras exhibense no Museo do Pobo Galego, en Compostela.

Contabilizamos oito castros negreireses en poboados de Vilachán, Logrosa, Covas, Feáns, As Ameixeiras, Mourís, e, en Campolongo, Castro e Couso de Abaixo. Atópanse nunha zona altimétrica entre 200 e 400 metros, en mal estado de conservación e sinalización. En Broño enxergamos

dous conxuntos castrexos, un deles presente na lenda que sostén que o castelo estaba unido ó castro de Guimarás (Ordoeste) cunha trabe de ouro. En Logrosa existía unha acrópole castrexa con foxo, dobre muralla e vivendas circulares; alí acháronse pezas de cerámica e bronce. Amais das estautas antropomorfas e do castro de Logrosa proceden desta parroquia catro inscricións romanas. Gárdanse no Museo do Pobo Galego. Outra estela foi atopada en Vilachán. Son pezas graníticas, votivas ou funerarias, de carácter galai-co-romano. A partir de 2010 (estudos de M. Gago e A. Fernández), púxose en valor o posible campamento romano do Cornado (Bugallido), que cos seus 21.000 m² de super«cie se convertería nun dos máis extensos de Galicia. Este xacemento de arqueoloxía militar romana está pendente arestora das oportunas prospeccións e análises. Moi próximo á ruta xacobeá Santiago-Fisterra, pode constituir o campamento castrense do Cornado un interesante enclave cultural e turístico.



PÍA BAPTISMAL DE LOGROSA

Desta xeira debe sinalarse, asemade, a área negreiresa como zona de paso da vía *Per loca marítima*, que seguía o curso do Tambre (*Tamara*, *Tamaris*) por Roo, Luaña, Viceso, Ons e Negreira, pasaba por Gonte, cruzaba o territorio de Barcala e chegaba a Bandomil (*Grandimirum*).

Segundo os cronistas, a orixe de Negreira remóntase ós tempos nos que Galicia era un reino suevo (século V). Erixida a sé de Compostela, Afonso o Magno deulle Negreira como feudo no ano 876, concesión con«rmada despois (899) ó bispo Sisnando. No 979 os piratas normandos destruíron este primitivo núcleo feudal, que non se reedi«cou ata despois da irrupción dos musulmáns, mandados por Al Mansur (997). Sería cara ó 1113 cando Afonso, o rei de Galicia, ordenaría a súa reconstrución.

O castelo de Xallas, desaparecido nas guerras irmandiñas do s. XV, era propiedade da mitra compostelá. Foi unha das fortalezas citada no preito entre os arcebispos Tavera-Fonseca (1528). Negreira viuse emancipada do señorío de Santiago durante o reinado de Isabel e Fernando, declarándoa “Fuero Real, con dictado de Lealtad”, privilexio asentado nas Cortes de Santiago de 1520 por Carlos I.

Estas parroquias no Antigo Réxime distribuíanse nas xurisdicións de Barcala, Lañas,

Muros e o couto de Bugallido, repartidas baixo o dominio do conde de Altamira (case todas), do arcebispo de Santiago (Negreira e Logrosa, por exemplo) e da Orde de san Xoán de Malta (Bugallido). As comarcas da Maía e Barcala acadaron xa a «nais do século XVI un nivel de poboación próximo ás súas posibilidades máximas. Nestes séculos retrocedeu o barbeito, introducíronse o millo (mediados do XVII) e a pataca (comezos do XIX), pero foron moi escasas as industrias artesanais.

A “visita” do cardeal Jerónimo del Hoyo (1609-1620) ofrécenos os nomes e algúns datos verbo das freguesias negreiresas no arceprelado barcalés naquel entón. Un documento do ano 1724 describe Barcala e os dereitos dos condes de Altamira: “Es tierra quebrada pero muy fértil de centeno, maíz y algún trigo. Críanse en élla muchos ganados vacunos y cabrunos porque gozan de buenos montes (...). Produce muchos castaños, útiles para madera y castañas”. Principiando o XVIII, no marco da Guerra de Sucesión española, considérase que “esta villa se declaró abiertamente por Felipe V, que la eximió en 1711 del pago de ciertos derechos”. A historiografía tradicional subliña: “Pese a los privilegios obtenidos y a la preponderancia que sobre las demás localidades disfrutó por aquel entonces, (...) la capitalidad de



IGREXA DE ARO



IGREXA DE NEGREIRA

Negreira fue San Vicente de Aro; San Julián de Negreira perdió su importancia y pasó a ser un unido de Santa Eulalia de Logrosa”.

Hai un documento que abeira a cuestión das feiras, aspecto económico, motor esencial para o desenvolvemento urbano do antigo Cotón. Data do 1717, cando “En el campo de la Capilla de N^a Sra. del Carmen (...)” os veciños daquel “coto” fundan unha feira: “por no haber sitio más apropiado que el del campo de Cotón, donde se halla la Capilla del Glorioso San Amaro que está a orillas del río y puente de Negreira”. A consulta dos datos do *Catastro de Ensenada*, de mediados do XVIII, déixanos informacións interesantes sobre parroquias, poboación, xurisdicións e, en xeral, a economía agrogandeira barcalesa nese tempo.

Dos «nais dese mesmo século é un manuscrito do ilustrado José Cornide que describe a zona: o seu *Viaje de Santiago a Corcubión*.

Nos anos da Guerra da Independencia (1808-1814) os de Negreira, xunto cos de Padrón, Santiago, Noia e outras poboacións formaron un rexemento que se distinguiu baténdose contra os mariscales franceses Ney e Soult, a «rma Carré. Xulián Magariños é quen nos ofrece, na súa serie *Notas retrospectivas de Negreira*, unha atinada visión documentada da zona no s. XIX. Estas *Notas* abeiran relatos históricos diversos: a cuestión da capitalidade municipal e do traslado da Casa do Concello, Negreira na revolución liberal galega de 1846, o chamado *Ano da fame* (1853),



ARO



CN



AFONSO EANES DO COTÓN



VICTORIANO FABEIRO

as liortas polo Xulgado en Negreira, os lobos do Corzán, Negreira na revolución de 1868, as familias máis podentes do século XIX...

O 17 de febreiro de 1906, reinando Afonso XIII, infórmase no concello do R. D. polo que se lle concede a Negreira categoría de vila, “pola súa importancia agrícola, aumento de poboación e constante adhesión á Monarquía Constitucional”.

A bisbarra barcalesa viviu unha fecunda etapa de creación de sociedades agrarias, que chegaron a publicar prensa de seu (como exemplos, *El Barcalés* -1911-, *La Federación de Negreira y Baña* - 1911 -, *A Fouce* -1919-, *El Agrario Barcalés* -1921- e *La Voz de Barcala* -1933-). Esta historia da prensa local interrompeuse — como tantas outras cousas— coa guerra civil de 1936 e a implantación *manu militari* da ditadura franquista. Será a partir dos anos 70 cando se recuperen estes medios, con novos nomes e inquedanzas. Na organización do agrarismo enxérgase unha considerable profusión de sociedades, repartidas entre os comezos do século (*Sociedad San Mauro*, 1904) e 1936 (*Federación Agro-Pecuaría de Negreira*, 1932). Máis de trinta

agrupacións de labregos tiveron presenza nunhas cincuenta parroquias do partido xudicial negreirés.

Negreira con«gurábase en centro duns bandos políticos agrupados ó redor dunhas familias liberais (Caamaño) e conservadoras (Fabeiro) no s. XIX. A situación analizada ó redor do 1920 permite ver que se deran unha serie de recomposicións nos grupos dominantes, froito dunha nova articulación social e marco político que se prolongaría deica a Segunda República española (1931-1936). Foron unhas dezasete as agrupacións políticas que reclamaron adhesións naquela sociedade. Os partidos restauracionistas (Liberal e Conservador) e á Unión Patriótica da ditadura de Primo, amécense os partidos da República.



PAZO DO COTÓN



O abano chegou dende o Bloque Nacional calvosotelista ós republicanos socialistas, Izquierda Republicana e Partido Galeguista. Tamén houbo asociacións profesionais e un facareño movemento obreiro, cun comité local da anarquista CNT.

Nas convocatorias ó Parlamento español anteriores a 1936 queda patente que o distrito de Muros-Negreira foi un feudo do liberalismo *monterista* e *garcíaprietista*, ata que entre 1919 e 1923 conseguiran o triunfo os conservadores de José María Paramés. Na II República houbo un considerable número de votos á ORGA, IR e PG (1933) e logo gañaron as dereitas (1936). O home clave na política era o deputado José Reino Caamaño, apoiado polo seu parente médico,

señor do Pazo do Cotón e alcalde, Victoriano Fabeiro. Nas eleccións municipais destacan os nomes de tres alcaldes cun maior protagonismo entre 1902 e 1936: Manuel Caamaño —liberal da Restauración—, Manuel Ruso —agrario primorriverista— e Victoriano Fabeiro —republicano independente/conservador—.

Nos anos da guerra civil, destituído V. Fabeiro, asume a alcaldía Jesús Magariños, ata 1941. Deica o 1942 o primeiro rexedor local será Antonio Queiruga. Pero o alcalde negreirés de mandado máis longo no franquismo —tamén procurador en Cortes— foi José Abeijón Sánchez, ata 1967. Sucedeuno Antonio García Abeijón, ata 1975. A restauración democrática chegou cando era o alcalde José Vidal Martínez (coa UCD entre 1979 e 1983). Logo foron alcaldes José Manuel López Tuñas (PSdeG-PSOE, 1983-1986 e 1987-1995), Jesús Liñares Guzmán (Independente-AP, 1987), José Blanco Pazos (PP, 1995-2007 e PBN, 2011-2013), Juan García Fuentes (PSdeG-PSOE, 2007-2009), Jorge Tuñas Caamaño (PSdeG-PSOE, 2009-2011 e 2015-2019) e Juan José Rey Maceira (PP, 2013-2015). Dende 2019 goberna o concello



CASA DO CONCELLO



CASTELAO



VÍTIMAS DO FRANQUISMO

novamente o PSdeG-PSOE, presidido por Manuel Ángel Leis Míguez, alcalde actual. Nestes últimos corenta e seis anos (1979-2025), Negreira contou amais con varios concelleiros independentes, de UG, de EG, de Ciudadanos e do BNG.

O grao de articulación na comarca barcalesa (agrarismo, anticaciquismo, escolarización, vías de comunicación, etc.) é mellor no 1936 que no 1900. Mais co comezo da guerra civil en España, esa sociedade que aprendera algo de adianto e democracia sufriu unha grave parálise no seu progreso. Negreira tampouco escapou do terror e da conseguinte "longa noite de pedra" franquista.

A guerra do 36 levou á represión sobre os vencidos e ó estancamento socio-económico. Só a partir dos anos «nais da década de 1950 se inicia un despegue ó redor da modernización do campo e do conseguinte medrar da vila, onde outra vez tiveron moito que ver os diñeiros da emigración.

As «guras máis notables da cultura son o trobador medieval e o escritor galeguista, cofundador do Seminario de Estudos Galegos,

Afonso Eanes viviu dende «nais do século XII ata arredor do ano 1250. Coñeceu as cortes reais de Fernando III e Afonso X. Escribiu cantigas de amor, de amigo, de escarnio e unha tenzón con Pero da Ponte. Destacou polo atrevido das súas composicións. En Negreira fundouse en 1976 unha Asociación Cultural co seu nome, aínda activa na comarca barcalesa. Hai o Coto Municipal Afonso Eanes (1984) e esta entidade erixiu alí un monólito conmemorativo (1996). Afonso Eanes do Cotón tamén se chama unha rúa (dende 2008) e o auditorio do Centro Sociocultural da vila (dende 2022).





AGAPITO GUZMÁN



XULIÁN MAGARIÑOS

Xulián Magariños (1904-1934) foi un escritor galeguista e avogado. Traballou na sección de Filoloxía do SEG. Colaborou en diversos xornais e revistas. É coautor dun *Vocabulario popular galego-castelán* e publicou dúas novelas: *O Kallivera 30 H.P.* e *O lósofo de Tamarica* (1926). Dende 1984 unha rúa leva o seu nome. En 1991 recuperouse o seu despacho-biblioteca para a Casa da Cultura e o Instituto local chámase IES Xulián Magariños. Ó longo de 2004 celebráronse diversos actos para salientar o centenario do seu nacemento e en 2023 conmemoráronse en Negreira os cen anos da fundación do Seminario de Estudos Galegos.

Outros homes de letras e ciencia deixaron a súa pegada na Negreira contemporánea. Foron (1858-1933) —doutor e profesor universitario, agrarista e publicista; ten rúa dedicada—,

(1849-1925) —tamén médico, cultivador de estudos arqueolóxicos e históricos; ten rúa dedicada—, (1913-1937) —poeta—,

(1896-1955) —procurador dos tribunais, agrarista, xornalista; con varios libros editados—,

(1924-2000) —“philologus et magister”, catedrático de Filoloxía Románica na Universidade de Salamanca. Con celebración en Negreira do seu centenario, 2024—,

(1925-2000) —humorista, debuxante e escritor— e o poeta

(1944-2007) —galeguista e activista cultural; con varios premios literarios, publicou seis libros de poemas e traballos en prosa; ten rúa dedicada na vila dende 2008—. O Concello negreirés convoca anualmente un premio de poesía que leva o seu nome, de ámbito galego (XIV edición, 2025).





IGREXA DE GONTE

Nestes últimos anos tamén faleceron outros creadores con obra salientable e publicada: o cooperativista e xurista (1921-2011) —presidente fundador de Feiraco—, os profesores e «lósofos» (1934-2012) e (1943-1998), o cardiólogo e escritor (1922-1995), o pintor (1937-2016), o escultor (1926-2017), os (1936-2016), teólogo e escritor; (1935-2023), gandeiro e escritor—, o bailarador e folclorista (1926-1999), así como o agrarista e publicista (1922-2020). Varios destes nomes teñen aula dedicada no IES Xulián Magariños e mais a consideración de Fillos Predilectos ou Fillos Adoptivos de Negreira.

Amais dos vestixios arqueolóxicos, achamos mostras representativas dos estilos prerrománico, románico, gótico, renacemento, barroco, neoclásico e eclecticismo contemporáneo.

Merecen salientarse como previas á introdución das feitura románicas de in-uencia compostelá a base da (na), e unha no adro da igrexa parroquial de . A Ponte Vella foi unha primixería construción

romana, reformada na Idade Media e con achegas posteriores. A primitiva pia bautismal de Logrosa faise resaltar tanto polos temas dos seus gravados como pola técnica empregada para a súa realización.

Polo menos dez parroquias negreiras ofrecen exemplos de arte medieval. Son: Portor, Logrosa, Negreira, Covas, Landeira, Bugallido, Gonte, Liñaio, Lueiro e Arzón.

pechada nos seus muros románicos, con contrafortes prismáticos, canciños zoomorfos, capiteis historiados, arquiños cegos, nave repartida en catro tramos, porta lateral e acroterio absidal. Pertence á segunda metade do s. XII. É a obra románica máis completa de Barcala. Portor era un priorado dependente de san Martiño Pinarío.

enmárca-se na segunda metade do s. XII. Apréciase unha planta de nave rectangular con cabeceira cadrada dun só tramo. No interior hai columnas arrimadas, de fuste moi alto e capiteis vexetais. A capela maior ábrese ó muro triunfal por arco de medio punto. No exterior, a ábsida está perforada por ventá abucinada. Os muros norte e sur decóranse con pares de arcos cegos de medio punto. A estrutura da parroquial de Gonte pode tomarse como arquetipo de arte románica na comarca. Unha





PAZO DA ALBARIÑA

serie de formas anotadas en Portor acadan aquí maior profusión e perfección.

o seu arco triunfal na capela maior é o único vestixio conservado do templo máis antigo. Son importantes as súas columnas con capitel vexetal esquemático e as súas bases áticas.

Na arte medieval cómpre deixar constancia de certa imaxinería presente nalgúns igrexas: en É unha talla de alabastro sobre unha peaña octogonal. -Dúas esculturas da Virxe con elementos góticos en unha de granito, e a A de , latina e -orenzada, inscrita tamén no goticismo e na ourivería compostelá dos anos 1500. A fronte do da



ROMÁNICO EN PORTOR

parroquial de está decorada con temas da Paixón. Gótica tamén é a da igrexa de Nela, unhas sepulturas da «xaron a data do 1580.

A cabalo entre a arte medieval e os estilos posteriores xorden varias obras civís: a en , o , o ou enclavado Os dous edificios señoriais de Negreira e Logrosa traducen pegadas da construción erixida na Idade Media. Na débuxase unha gran torre moi marcada e con grosos muros. O en san Xián ou Xulián de Negreira, ofrece gran di«cultade á hora de precisar as súas raíces medievais. A mosamosa unha ducia de pedras armeiras que nos recordan os Mariño de Lobeira, Luaces, Saavedra... e aínda hoxe conserva a aparencia de pequena cidadela ameada.

No apréciase un totalmente pétreo. Nel campan as imaxes de Hai no seu interior outras tallas e decoracións en granito policromado, con perfeccións renacentistas. O edificio culmínase coa do XVIII.

Estreitamente relacionadas están as obras de arquitecto. A primeira data dos «nais do XVIII, con solucións curiosas como o



CAPELA DE PONTEVEDRA DE LIÑAIO

reparto das fachadas laterais en tramos e a principal cun gran frontón recto, partido. Posúe nave única, cunha potente bóveda de canón. No presbiterio áchase unha bóveda de arestas. A fachada da igrexa de Broño erixiuse en 1781. Ten un campanario incompleto, cun corpo baixo e pilastras de ángulo. O presbiterio resólvese cunha solución parecida á de Aro. Tamén no lugar de San Martiño de Broño existe un curioso

de capitel historiado. o baldaquino pertencía a unha igrexa máis antiga situada no mesmo predio. Fronte á parroquial está o de «nais dos anos 1600, cun capitel corintio moi estilizado. fronte a un interior máis complexo

amósase un exterior moi sinxelo. Interesante rococó. O está separado do templo parroquial para mellor convocar á veciñanza. particularísima solución adoptada na da igrexa. Moi preto áchase un de «ns do século XIX. O seu capitel é de tipo corintio historiado. na capela do Evanxeo existe un da Virxe Peregrina, en granito policromado, xa neoclásico. E arte natural é a do río Corzán, en Barbazán. presenta unha imaxe de e a do templo, na que consta a data de 1858. Nesta mesma parroquia edi«couse a do XVIII, con






RETABLO DA IGREXA DE LIÑAIO



ARZÓN



LUEIRO



GONTE

graciosa espadana. No XX enriqueceuse cunha ábsida neorrománica. Algún escudo á italiana nalgunhas casas, o co río Tambre e as súas paisaxes -uviaias, hórreos, muíños, pombais, a ponte, así como xeitosas intervencións arquitectónicas, converten o lugar da nun conxunto de agradable presenza. No ano 2019 foi elixido na categoría de *Pueblos más bonitos de España*.

Deixamos constancia doutros dous en e O de san Mamede de Zas (ou Sas) posúe aires de arte *naif*. O de san Pedro de Xallas ten pousadoiro, decoración no pedestal e elegante capitel.

Por último, unhas notas sobre o complexo histórico-artístico máis signi«cetivo da vila, a

e o O recinto religioso foi construído no XVIII, con estrutura de tres naves. Foi inaugurado no ano 1860. Loce un retablo neogótico dos anos 1940. No Cotón creárase tamén unha confraría para a honra da Virxe do Carme no 1740. En Negreira, ademais, existe a propia igrexa parroquial, máis afastada da vila. O

xorde en 1799 (inscrición nun arco lateral). Presenta unha fachada sinxela, na que salienta a torre de dous corpos e remate en lanterna e o nas súas proximidades, do século XIX. A é unha xoia barroca manierista.



IGREXA DE LOGROSA



PAZO DE BALADRÓN



IGREXA DE BROÑO

O Pazo do Cotón atravesa o que hoxe é Carreira de San Mauro, antigo Camiño Real, cunha tripla arcada con salóns de paso á capela palaciana. No centro do edificio hai corpos ligados con torres cilíndricas nos ángulos. Aínda do XX son algunhas partes, como a galería e algúns cuartos. No corpo central: escaleira do barroco de placas, conectando coa Galería de Pedra, que enlaza cun paseo-solaina de grandes piares e muro ameado.

E destacamos outras mostras da arquitectura civil en Negreira: a *Casa da Cultura* en Broño (ano 1600) é un pazo cunha fermosa capeliña. O *Centro de Estudos* pode estar relacionado coa Torre da Mitra Compostelá derrubada polos Irmandiños no

século XV. A *Capela de Bugallido* pertenceu á Orde Hospitalaria de Xerusalén. Na súa fachada porta unha pedra armeira e a pia bautismal, cunha representación da cruz de Malta. O

Centro de Estudos na Ponte Maceira, foi construído entre 1945 e 1955, con solucións modernistas e historicistas. Salientables tamén son a *Capela de San Roque* de *San Roque* e a vinculada ó feudo dos monxes de Toxosoutos, a *Capela de San Roque*.

Todas estas construcións vense rodeadas de fermosas paraxes naturais.

En Negreira ergueron os emigrantes varias *Casas de Emigrantes* agora xa centenarias. O máis artístico é o *Centro de Estudos* pero



CASA DA CULTURA



ESCOLA DE LIÑAIO





MÚÍÑO NA PONTE MACEIRA

tamén cabe citar a —as dúas foron iniciativa da *Unión Barcalesa de La Habana*—, e a —de *La Moderna de Barcala* (Cuba)—. E teñen solucións da algunhas , do primeiro terzo do século XX.

